

## **Formas de determinación**

Hai na intimidade un límite sagrado.

**Anna Ajmátova**

## **Camiño a Braşov**

Nesta viaxe non levamos mochilas,  
estamos só ti, eu e o tempo,  
nun vagón no que unha rapaza  
escribe en alemán porque a realidade  
é máis ampla que as fronteiras.  
Sinto a túa cabeza quente  
coma un saco de pebidas de  
cereixa na miña barriga mentres  
observo a paisaxe abandonarnos.

## **Agora que no baleiro**

Esta noite bañareime espida nun lugar descoñecido,  
deixarei de sentir cos pés a area,  
mirarei a miña roupa cada vez máis difusa  
na distancia desaparecer.

E afundireime no mar.

Para lembrar de novo que estou viva,  
agora que me resisto no baleiro a ser  
nada.

## Cada vez estou máis lonxe

Querería saber se hai algún outro modo de chegar á verdade.

Non a esa verdade de diademas de plástico que aparta o cabelo e libera a ollada. A luz seguirá sendo diáfana, son os contornos os que non vexo.

Querería saber se hai algún outro modo de chegar á verdade, unha habitación na que non me grite o egoísmo infantil por arrincar os carteis do que unha vez tivo senso e hoxe arquivo nunha carpeta de apuntamentos.

Querería saber se hai algún outro modo de chegar á verdade, alguén que me sosteña a man e que me agasalle un coelliño de chocolate porque cada vez estou máis lonxe de poder mercarmo e de poder dicir que fun eu a que non saíu á rúa.

## Manuscrito xeracional

Non coñecín a miña avoa nin a ningunha das mulleres  
que me aloumiñaron o cabelo,  
pero hoxe dobrei a esquina ao saír da igrexa de San Xoán,  
e vinme nunha escena que se repite  
proyectada en tantas meniñas  
coma botóns coseramos.

Marina, Josefa, Manuela, Benita, Luísa.

Que esta noite só sexamos o camiño e máis eu.

Este medo é máis antigo que calquera literatura,  
somos nós as que suxeitamos as portas do convento.

## O Novo Mundo

Todo tempo pasado volve un martes puntualmente  
ás seis da tarde no tránsito ao cuarto de baño.  
Son eu quen quería ser isto?

É imposible evitar entón o regreso  
a ese lugar de recreo no que sangrar  
mentres xogabas ás agachadas definía  
a idea de castigo social.

Repites: *que infancia tan leda*

porque a nostalxia fíxoche esquecer  
que eras a mesma nena que recollía caracois  
para colocalos en follas e envialos a morrer  
na busca dun Novo Mundo  
dunha fonte de barrio.

## Unha observación

De cativa pensaba que as árbores eran un tronco con pólas  
e na cabeza unha copa.

Unhas despeiteábanse con facilidade,  
así que as debuxaba cun garabato;  
outras, pola contra, alzábanse retadoras  
cara o ceo. Por iso corteilles o corpo.  
As miñas favoritas habitaban o espazo  
e destruían calquera intento de bosquexo.

Hai pouco que volvín coller o lapis.  
Algo que non che ensinan é que aquilo que cres  
tan obvio como unha árbore un día deixas de velo.

O debuxo non poden ser só liñas e follas  
cando nunca te fixaras en que a imaxe  
sobrevive no pulso trémulo do impreciso.



## Sen resposta

Que a dor tiña un límite mesmo dentro dunha casa  
no oouben ata que as paredes se converteron en  
reflexos do combate cotián. Se o meu pai chora ao  
poñerse os zapatos, como acougar o instinto  
de saír correndo malia que o amor me acoitele?